

BERTHA VON SUTTNER

Bertha Von Suttner naceu en Praga en 1843 no seo dunha familia austríaca cunha grande tradición militar. Foi a filla póstuma dun conde e a súa vida de luxo e tranquilidade económica remata cando a súa nai xa non é quen de manter o nivel económico que aquela vida na corte esixía.

Bertha comeza a traballar como institutriz na casa dun barón. Namórase do fillo maior da familia e o pai invítala a deixar o seu traballo.

Atopa entón nun xornal unha oferta de traballo en París como secretaria dun millonario. Aquel home era Alfred Nobel, o químico sueco mentor dos premios que levan o seu nome. A súa labor xunto a Nobel deixou pegada en ambos, necendo unha relación de amizade que perdurará ao longo de moitos anos.

Bertha regresa a Viena e en 1876 casa en segredo co seu namorado. A noticia chegou axiña aos oídos do barón, provocando a súa ira e a de toda a alta sociedade vienesa. Ante aquela incómoda situación, a parella marchou ao Cáucaso, onde sobrevivirían case unha década grazas aos seus escritos en medios locais, ata que en 1885 o barón aceptou o matrimonio do seu fillo e a parella regresa a Viena, onde Bertha continúa escribindo e entra en contacto con distintos movementos pacifistas de toda Europa.

No ano 1889 publícase a que sería a súa grande obra, *¡Abajo las armas!*, unha novela na que relata a vida dunha muller que sofre o terror da guerra e que se converte nun referente do pacifismo.

Bertha von Suttner, que tamén loitou polos dereitos das mulleres e estivo sempre a favor dunha Europa unida, participou en citas internacionais tan relevantes como a Conferencia de LA Haia de 1907.

En 1905 recibiu o Premio Nobel da Paz polo seu compromiso e a súa defensa do pacifismo.

O 21 de xuño de 1914, dous meses antes do comezo da Primeira Guerra Mundial, Bertha falecía tras unha longa loita contra o cancro.

Nicolás Alonso Araújo

1º Bacharelato A